

# PROTOCOLO DE ACTUACION CONTROL *GONIPTERUS PLATENSIS*

## DETECCIÓN: REDES DE PUNTOS DE CONTROL.

Durante todo o ano realízanse as visitas as parcelas da rede de avisos fitosanitarios para obter información da saúde e vitalidade dos nosos montes. A función desta rede é xa non só avaliar a saúde do bosque, senón tamén avisar aos silvicultores do momento óptimo para realizar os distintos tratamentos integrais contra as pragas e doenzas das especies forestais detectadas, ser coñecedores do mellor momento para poder executar os tratamentos ou poder realizar, dunha maneira temperá, a retirada da madeira que presente algún problema fitosanitario.

Coa rede de avisos fitosanitarios realizarase un gran esforzo de mostraxe para ter datos a tempo real en distintas épocas do ano. Os datos de interese recollidos trasládanse ao sector por medio de avisos fitosanitarios a través do enlace:

<https://ovmediorural.xunta.gal/gl/servizos/publicacions-electronicas-periodicas>

Na primavera do ano 2023, detectouse nalgunha das parcelas permanentes da rede de avisos, un incremento na defoliación producida por *Gonipterus platensis* nos brotes de *Eucalyptus globulus*. Con estes datos iniciais, e para poder avaliar con maior exactitude a situación, reforzase no mes de setembro as mostraxes de posibles danos, mediante a realización de transectos e puntos de avaliación dirixidos, que permitan a toma de datos para estimar os danos ocasionados polo defoliador. Nos puntos de avaliación de cada un dos transectos ( Fig.1 e Fig.2), recolleranse mostras de ootecas ( conxunto ovos do defoliador), enviaranse á Estación Fitopatolóxica do Areeiro (EFA) , para realizar a análise da parasitación por *Anaphes nitens*, das mesmas.

Coa combinación de dous parámetros: resultados de parasitación, e o grado de defoliación, segundo a clasificación de danos da rede de parcelas permanentes para o seguimento intensivo e continuo dos ecosistemas forestais de Nivel II, localízanse os lugares onde se declara como praga o *Gonipterus platensis*.

Cando os niveis de poboación mostren a ocorrencia de perdas económicas ou danos de tal intensidade, extensión ou natureza, que fagan necesaria a loita obrigatoria con métodos de loita biolóxica, como medio máis eficaz para combatela, realízase a declaración de praga, e, no seu caso, a declaración de utilidade ou interese público das actuacións.


**UMBRAL DE ESTABLECEMENTO DE PRAGA:** No caso de baixas parasitacións naturais de *Anaphes nitens*, e ao tempo, elevadas defoliacións no terzo superior da copa en *Eucalyptus globulus*, ( en comparativa cos datos dos inventarios realizados nos últimos anos, ver Fig.3 e Fig.4 ), e sempre que os danos afecten a superficies o suficientemente grandes para que sexa difícil o tratamento polos titulares do monte, estableceranse as seguintes medidas:



## ACTIVACION PROTOCOLO LOITA BIOLÓXICA.


Unha vez declarada a praga e a utilidade ou o interese público das actuacións requiridas para o seu control, reforzase a intensidade de mostraxe con unha rede de parcelas que cubran coa suficiente intensidade a zona afectada. Nestas parcelas avalíanse cada semana o grao de defoliación producido polo escaravello no terzo superior da árbore, valorados en porcentaxe de afección segundo a clasificación de danos da rede de Nivel II.

A loita biolóxica contra a praga, realízase con soltas de ootecas parasitadas por *Anaphes nitens*, utilizando unha malla de 1x1 km, e localizando puntos de colocación dentro das masas de Eucalipto, onde se atopan ootecas frescas do gurgullo.



**Figura 1\_ Evolución do % ootecas parasitadas nos inventarios realizados na primavera, nos anos 2019, 2020 e 2021.**


**% total de ootecas parasitadas:** Porcentaxe de presenza de *Anaphes nitens* viables nas do total de ootecas analizadas.



**Figura 2\_ Evolución do grado de defoliación GD nos inventarios realizados na primavera, nos anos 2019, 2020 e 2021**

A escala de defoliación utilizada é a seguinte:

- Grao 0: Non defoliado (defoliación da árbore-ramiños entre 0 e 10%)  
**Valor numérico asignado (GD) = 0**
- Grao 1: Lixeiramente defoliado (defoliación da árbore-ramiños entre 11 e 25%)  
**Valor numérico asignado (GD) = 1**
- Grao 2: Moderadamente defoliado (defoliación da árbore-ramiños entre 26 e 60%)  
**Valor numérico asignado (GD) = 2**
- Grao 3: Gravemente defoliado (defoliación da árbore-ramiños entre 61 e 90%)  
**Valor numérico asignado (GD) = 3**
- Grao 4: Morto (defoliación da árbore-ramiños maior do 90%)  
**Valor numérico asignado (GD) = 4**



### Lenda


- Cuadrícula 16x16
- Parcelas rede de avisos fitosanitarios

### Zonificación

- A
- B
- C
- D

Zonificación: Partindo do grado de defoliación dos eucaliptos das parcelas da rede de muestreo, no ano 2017, establecéronse 4 zonas con un comportamento similar do ciclo biolóxico do *Gonipterus platensis*

**Figura 3\_ Plano parcelas da rede de avisos fitosanitarios.**



### Lenda

- Cuadrícula 16x16
- Transectos de evaluación de eucaliptos
- Puntos de evaluación

### Zonificación

- A
- B
- C
- D

Zonificación: Partindo do grado de defoliación dos eucaliptos das parcelas da rede de muestreo, no ano 2017 estableceronse 4 zonas con un comportamento similar do ciclo biolóxico do *Gonipterus platensis*

Figura 4\_Plano de transectos e puntos de evaluación